

## **Esiximos a eliminación das prazas con perfil do concurso de traslados**

**CIG-SAÚDE denuncia que o SERGAS se nega a negociar na mesa sectorial os criterios que deben rexer as convocatorias de prazas de persoal facultativo con perfil, que así o requiran.**

### **A QUE CHAMAMOS PRAZAS CON PERFIL?**

Excepcionalmente, para garantir a continuidade asistencial, a **cobertura de determinadas prazas na sanidade pública teñen que ter un requisito de acceso específico**. Estas poderían ser consideradas como prazas de alta especialización.

As administracións públicas teñen a obriga, legal e ética, de convocar e executar os procesos de provisión e selección de prazas aplicando, co maior rigor posible, os principios de igualdade, mérito e capacidade. **Os criterios a aplicar nestes procesos teñen que ser públicos e de coñecemento das/os profesionais.**

Pola contra, **o SERGAS aproveita os concursos de traslados para reservar prazas, sen criterios previos para consolidar no posto a determinadas persoas.**

Desde **CIG-SAÚDE** solicitamos, reiteradamente do SERGAS, a **negociación na mesa sectorial dos criterios que deben rexer as convocatorias de prazas de alta especialización**. Ditos criterios deberán estar perfectamente identificados e publicados antes das convocatorias dos procesos de provisión e selección.

**O SERGAS ten que esixirlles os/as Xefes/as de Servizo, que cumpran coa súa responsabilidade**, e que, diante da posibilidade de que o persoal interino poida deixar o servizo, deben prepararse e **levar adiante “Plans de Continxencia”** que minimicen as consecuencias que poidan xurdir pola mobilidade do persoal.

Por todo isto, desde **CIG-SAÚDE** solicitamos do **SERGAS** que se elimine o perfil das **prazas convocadas no concurso de traslados**, para as que en anos anteriores non se requiría perfil.

**Instamos ao SERGAS a negociar, de inmediato, os criterios reitores das prazas de alta especialización.**